

006678 10 11 2009 12 3

## **PROGRAMA XERAL DE MOBILIDADE**

**RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS  
COMPLEMENTARIAS PARA A MOBILIDADE DE DOCENTES DA USC,  
ESTADÍAS E VISITAS PREPARATORIAS, NO MARCO DOS CONVENIOS  
BILATERAIS VIXENTES CON PAÍSES NON PERTENCENTES AO EEES  
CORRESPONDENTES A 2010**

### **CONDICIÓNS XERAIS DAS BOLSAS**

A USC, a través da Vicerreitoría de Política Internacional, convoca bolsas no marco dos Convenios Bilaterais vixentes con Universidades e Institucións de Educación Superior de países **non pertencentes** ao Espazo Europeo de Educación Superior.

### **TIPOS DE ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES**

Unicamente se subvencionarán tres tipos de actividades:

1. Visitas preparatorias : Desprazamento de docentes da USC a unha Institución, co fin de consolidar vínculos entre departamentos e facultades, que se consideren institucionalmente relevantes, e preparar futuros proxectos de cooperación e potenciar a captación de estudantes de posgrao e doutoramento.
2. Estadías de profesorado estranxeiro: Estadías de profesorado dunha Institución socia da USC cos fins de impartir docencia na USC, realizar actividades de investigación conxunta ou outras actividades académicas de relevancia.
3. Desprazamentos de docentes da USC: Desprazamento dun docente da USC a unha Institución socia co fin de impartir docencia no grao. A contribución académica deberá formar parte do programa de estudos conducente a obtención dun título oficial no centro de acollida

### **DOTACIÓN DAS BOLSAS**

A Vicerreitoría de Política Internacional destinará a esta actividade un máximo de trinta mil euros (30.000 €).

#### **Normas específicas:**

##### **Visitas Preparatorias:**

- As bolsas destinaranse a compensar os custos de mobilidade (Viaxe) .

- A dotación económica máxima da bolsa non excederá dos 1300 euros por profesor/a.

#### **Estadías de profesorado estranxeiro:**

- A bolsa destinarase unicamente a cubrir, de xeito complementario, o aloxamento e manutención do profesorado visitante.
- O aloxamento será no Sistema Universitario de Residencias (SUR).
- O importe da bolsa complementaria en concepto de manutención, calcularase en base aos prezos oficiais dos restaurantes universitarios e, en todo caso, será dun máximo de 20 euros/día.
- As bolsas concederanse por un prazo máximo de 1 mes.
- Só se concederá bolsa complementaria de estadía ao profesorado que proveña de universidades que teñan un convenio bilateral vixente coa USC.

#### **Desprazamentos de docentes da USC:**

- As bolsas destinaranse a compensar os custos de mobilidade adicionais (Viaxe) . Non se destinarán a cubrir a totalidade dos custos da ensinanza no estranxeiro.
- A dotación económica máxima da bolsa non excederá dos 1300 euros por profesor/a.
- Con carácter xeral financiarase un desprazamento anual por profesor/a.
- Con carácter excepcional atendendo ás dispoñibilidades orzamentarias e a relevancia da acción a desenvolver, o máximo de desprazamentos a subvencionar será de dous.
- En ningún caso se financiará a asistencia a congresos, conferencias, seminarios ou similares . Tampouco se pagarán dietas de viaxe ou seguros médicos. Só se concederá unha bolsa para o desprazamento cara unha universidade que teña un convenio bilateral vixente coa USC (o listado de convenios bilaterais esta dispoñible en <http://www.usc.es/gl/servizos/ore/convenios/listaxe.html> )

### **ÓRGANO COMPETENTE PARA RESOLVER**

A resolución faraa o vicerreitor de Política Internacional en virtude da resolución reitoral de 12 de maio de 2009 de delegación de competencias en determinados órganos universitarios (DOG 26/05/09). O prazo máximo de resolución será de 1 mes contado a partir do día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. O efecto do silencio administrativo será desestimatorio.

### **REQUISITOS DOS/DAS SOLICITANTES**

Os/As solicitantes deberán ser docentes da USC e ter o visto e prace do Director /a do Departamento correspondente.

### **LUGARES DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As solicitudes dirixiranse á Oficina de Relacións Exteriores.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral da USC, situado na Reitoría da USC (Colexio de San Xerome. Praza do Obradoiro s/n, Santiago de Compostela) e no Rexistro do Campus de Lugo, situado no edificio de Servizos administrativos da Biblioteca Intercentros (Avda. de Bernardino Pardo Ouro s/n, Fingoi-Lugo). Tamén poderá presentarse nas formas e lugares establecidos na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

## DOCUMENTACIÓN

Os/as solicitantes para que sexan admitidos ao proceso de selección achegarán :

- A solicitude debidamente cumprimentada en todo caso.
  - Visitas preparatorias (Solicitude Modelo I).
  - Estadías de profesorado estranxeiro (Solicitude Modelo II).
  - Desprazamentos de docentes da USC (Solicitude Modelo III).
- Resumo das actividades a realizar na universidade socia no caso de solicitar financiamento da mobilidade.
- No caso de solicitar bolsa complementaria de estadía para un/unha profesor/profesora visitante, debera presentarse Currículo Vitae do/da profesor/profesora visitante e resumo das actividades a realizar na USC.

## PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto dende a publicación desta convocatoria ata o **27 de novembro de 2009**.

## AVALIACIÓN E SELECCIÓN

1º.- A comisión de selección está integrada polo vicerreitor de Política Internacional, ou persoa na que delegue, o coordinador de Relacións Exteriores, o vicerreitor adxunto de Investigación e Proxección Exterior do Campus de Lugo e polo xefe da Oficina de Relacións Exteriores. Cada un dos membros da comisión terán voz e voto, decidindo o voto de calidade do vicerreitor de Política Internacional no caso de empate.

2º.- A comisión procederá á avaliación e selección das solicitudes presentadas, tendo en conta, entre outros, a valoración dos seguintes apartados:

1. Existencia de convenios de colaboración coa universidade de orixe.
2. Reparto por grandes áreas de coñecemento dos/as solicitantes.
3. Viabilidade da obtención de resultados.
4. Colaboración previa acreditada coa Universidade socia.
5. Prioridades da cooperación galega para 2006-2009.
6. Prioridades de cooperación española para 2007-2013.

De non axustárense á convocatoria os requisitos dos solicitantes, así como a ocultación de datos, a súa alteración, ou calquera manipulación da información solicitada, será causa da desestimación da solicitude.

### **PROPOSTA DE CANDIDATOS/CANDIDATAS**

Efectuada a valoración, a Comisión procederá á publicación dos resultados da proposta de selección de bolsas, coa indicación dunha lista ordenada dos/as candidatos/as seleccionados/as. Contra esta proposta os/as interesados/as poderán presentar alegacións no prazo de cinco días, contados a partir do día seguinte á súa publicación. Transcorrido este prazo e analizadas, de ser o caso, as alegacións, a proposta será elevada a definitiva.

### **OBRIGAS DO/DA BOLSEIRO/BOLSEIRA**

A aceptación da bolsa por parte do/a beneficiario/a implica a das normas fixadas nesta convocatoria.

Os desprazamentos realizaranse no ano 2010 e non poderán iniciarse despois do 30 de novembro de 2010. En todo caso, deberán finalizar antes do 15 de decembro.

Os/As beneficiarios/beneficiarias dunha mobilidade deberán presentar a seguinte documentación:

- Informe de resultados, segundo modelos normalizados:
  - Visitas preparatorias (Informe Modelo I).
  - Estadías de profesorado estranxeiro (Informe Modelo II).
  - Desprazamentos de docentes da USC (Informe Modelo III).
- Para os desprazamentos de profesorado da USC, tarxetas de embarque e/ou billete físico e factura da axencia de viaxes.
- Para as estadías de profesorado, fotocopia do pasaporte.

Esta documentación deberá ser presentada no prazo dun mes a contar dende a data de remate da visita preparatoria, estadía do/da profesor/profesora estranxeiro/estranxeira ou visita do profesor/profesora da USC á outra Universidade, na Oficina de Relacións Exteriores (ORE – Casa Jimena e Elisa Fernández de la Vega, Rúa Casas Reais nº 8, 15782 Santiago de Compostela)

Os resultados obtidos poderán ser valorados en futuras convocatorias.

### **LUGARES DE NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DERIVADOS DA PRESENTE CONVOCATORIA**

O taboleiro de anuncios no que se publicará a resolución definitiva será o da Reitoría, sen prexuízo da súa publicación complementaria na páxina web <http://www.usc.es/gl/servizos/ore/mobprofer.html>

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os/as interesados/interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaía resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e ss. da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2009

O reitor

Por delegación de competencias resolución reitoral de 12 de maio de 2009

(DOG 26 de maio de 2009)

O vicerreitor de Política Internacional



Agustín Merino García